



FLEXILAND

GOZA XA DO PARAÍSO
DA FLEXIBILIDADE

DO TOBOGÁN DOS DESPEDIMENTOS

DO PARKOUR EXTREMO,
ESPECIAL DESEMPREGADAS/OS



DA MONTAÑA RUSA DA FLEXIBILIDADE DO TREN PANTASMA DAS PENSÍONS

cambiemos o xogo!!

•29M TODAS Á RÚA•

•29M TODAS Á RÚA•

•29M TODAS Á RÚA•




•29M TODAS Á RÚA•

FLEXILAND

GOZA XA DO PARAÍSO
DA FLEXIBILIDADE

DO TOBOGÁN DOS DESPEDIMENTOS

DO PARKOUR EXTREMO,
ESPECIAL DESEMPREGADAS/OS



DA MONTAÑA RUSA DA FLEXIBILIDADE DO TREN PANTASMA DAS PENSÍONS

cambiemos o xogo!!

•29M TODAS Á RÚA•

•29M TODAS Á RÚA•

•29M TODAS Á RÚA•

•29M TODAS Á RÚA•

“Isto é a guerra de clases e a miña, a dos ricos, estaa a gañar”.

Warren Buffett, home máis rico do mundo no 2010, e terceira fortuna mundial no 2012.

Eles téñeno claro. Porén, nós continuamos negándonos a ver a realidade.

Aceptamos “auto”rebaixas de salarios; poñer todo o noso tempo a disposición da empresa; ata traballar gratis, ou aceptar situacións de escravitude para cobrar un subsidio de desemprego ao que temos todo o dereito... Sen contar as subas de impostos, os recortes en sanidade, educación, cobertura social, etc. Todo isto porque estamos en crise, e a crise *“aféctanos a todas”*.

A todas?

A brecha social está medrando a pasos axigantados en toda a Unión Europea, destacando en cabeza o estado español. Neste territorio, 11,5 millóns de persoas atopábanse no 2011 en risco inminente de pobreza e exclusión social. Ese mesmo ano, o sector de luxo creceu un 25%, cunhas vendas de cinco mil millóns de euros.

E é que a crise non é máis que un momento de oportunidade.

Oportunidade para reorganizar o mercado, pero sobre todo para rebaixar as condicións de vida da maioría da poboación, ampliando a marxe de beneficios. Cambiar as regras, para que os mesmos sigan a gañar, e gañen máis.

Por iso, a nosa resposta non pode pasar por suplicar que nos deixen seguir participando do seu xogo. Por facernos un oco na súa *Flexilandia* da explotación ás costas de botar a quen temos ao lado, veña de onde veña; de ter que marchar nós mesmas a onde *sexo necesario*; ou de retroceder continuamente un paso tras cara outro atrás, máis aló do recadro de partida.

Non queremos volver ao crecemento económico, ao “estado de benestar”, nin á creación de postos de traballo ás costas de recortar liberdades, destruír o territorio, esquilmar recursos naturais, expoliar países pobres, ou incrementar o investimento en exércitos, cadeas e demais estruturas e forzas represivas.

Non queremos o seu xogo, nin sequera cambiando as regras.

Queremos un xogo onde xoguemos todas e onde todas gañemos. Recuperar a iniciativa da loita diaria na construción do mundo que queremos, e no control das nosas vidas, máis aló da simple defensa perante as súas agresións. Aproveitemos nós a *KRISE*, aproveitemos a oportunidade.

cambiemos o xogo!!

i n i c i a t i v a p o p u l a r p o l a f o l g a x e r a l

“Isto é a guerra de clases e a miña, a dos ricos, estaa a gañar”.

Warren Buffett, home máis rico do mundo no 2010, e terceira fortuna mundial no 2012.

Eles téñeno claro. Porén, nós continuamos negándonos a ver a realidade.

Aceptamos “auto”rebaixas de salarios; poñer todo o noso tempo a disposición da empresa; ata traballar gratis, ou aceptar situacións de escravitude para cobrar un subsidio de desemprego ao que temos todo o dereito... Sen contar as subas de impostos, os recortes en sanidade, educación, cobertura social, etc. Todo isto porque estamos en crise, e a crise *“aféctanos a todas”*.

A todas?

A brecha social está medrando a pasos axigantados en toda a Unión Europea, destacando en cabeza o estado español. Neste territorio, 11,5 millóns de persoas atopábanse no 2011 en risco inminente de pobreza e exclusión social. Ese mesmo ano, o sector de luxo creceu un 25%, cunhas vendas de cinco mil millóns de euros.

E é que a crise non é máis que un momento de oportunidade.

Oportunidade para reorganizar o mercado, pero sobre todo para rebaixar as condicións de vida da maioría da poboación, ampliando a marxe de beneficios. Cambiar as regras, para que os mesmos sigan a gañar, e gañen máis.

Por iso, a nosa resposta non pode pasar por suplicar que nos deixen seguir participando do seu xogo. Por facernos un oco na súa *Flexilandia* da explotación ás costas de botar a quen temos ao lado, veña de onde veña; de ter que marchar nós mesmas a onde *sexo necesario*; ou de retroceder continuamente un paso tras outro cara atrás, máis aló do recadro de partida.

Non queremos volver ao crecemento económico, ao “estado de benestar”, nin á creación de postos de traballo ás costas de recortar liberdades, destruír o territorio, esquilmar recursos naturais, expoliar países pobres, ou incrementar o investimento en exércitos, cadeas e demais estruturas e forzas represivas.

Non queremos o seu xogo, nin sequera cambiando as regras.

Queremos un xogo onde xoguemos todas e onde todas gañemos. Recuperar a iniciativa da loita diaria na construción do mundo que queremos, e no control das nosas vidas, máis aló da simple defensa perante as súas agresións. Aproveitemos nós a *KRISE*, aproveitemos a oportunidade.

cambiemos o xogo!!

i n i c i a t i v a p o p u l a r p o l a f o l g a x e r a l